

# Os sindicatos na Galiza do século XXI. Da reivindicación á institucionalización<sup>1</sup>

*Unions in Galiza in the XXI century.  
The claim to institutionalization*



DANIEL LORENZO MIRÓN  
Diplomado en Relacións Laborais

<sup>1</sup> Este artigo é un resumo do traballo academicamente dirixido do mesmo título tutelado pola profesora María Asunción López Arranz.

**Resumo**

O protagonismo político e social dos sindicatos nesta Galiza de inicio de século é innegábel. No entanto, o imparábel proceso de institucionalización que sofren, a súa crecente burocratización e as incapacidades demostradas para lles facer fronte ás novidades organizativas e culturais introducidas no mundo do traballo son retos que ameazan a súa supervivencia. Nesta investigación abordaremos un destes desafíos que afrontan os sindicatos, concretamente o da institucionalización que deriva do modelo de concertación dominante nas relacións laborais españolas e galegas.

**Palabras chave:** sindicatos, concertación social, institucionalización.

**Abstract**

*The political and social leadership of unions in Galiza in the early 21st century is undeniable. However, the unstoppable process of institutionalization they experience, their increasing bureaucratization and the proven disabilities to deal with social and cultural novelties introduced to the working world are challenges that threaten their survival. In this research we will approach one of the challenges that unions confront, particularly the one about the institutionalization that comes from the dominant model of concentration in the Spanish and Galician working relations.*

**Keywords:** unions, social dialogue, institutionalization.

## 1. Introducción

Son insistentes os que desde posicións aparentemente antagónicas certificaron nos últimos tempos a defunción do sindicalismo. O sindicato, afirman, como ferramenta protagonista da organización e a loita obreira no centro de traballo perdeu, se algunha vez a tivo, toda utilidade. Desde sisudos diagnósticos ou desde o simple exabrupto político tratan de enterrar cerca de douscentos anos de historia do movemento obreiro.

Ora ben, o certo, a pesar da insistencia dos que manteñen tales posicións, é que o protagonismo das organizacións sindicais na Galiza de inicio de século, aínda no contexto dun elevado desprestixio da actividade social e política, é manifesto e constatábel. O impacto da folga xeral de 29 de setembro, mesmo se convocada con meses de atraso a respecto da medida que a motivara, e da que decorreu na Galiza o 27 de xaneiro contra a reforma das pensións, así como os numerosos conflitos laborais de maior ou menor intensidade que protagonizan os sindicatos por toda a xeografía, así o evidencian. Entón, que motiva o torrente de críticas de que día após día son vítimas os sindicatos?

Entendemos que as motivacións son variadas, porque, aínda que o ruído mediático impida ás veces reparar nisto, as críticas son tamén de procedencia diversa e esencialmente diferentes. Por unha banda, encontramos o discurso da dereita política e os seus voceiros mediáticos. Estas críticas son ben coñecidas e fan parte dunha vella campaña que con maior ou menor intensidade alimentan desde a recesión económica da década de 1960. Só os efectos da crise actual que sofremos e a necesidade de disciplinar máis unha vez a clase obreira no marco dunha alarmante degradación das súas condicións de vida explican a virulencia e intensidade que tomou o último capítulo desta permanente campaña de acoso ás organizacións sindicais.

Por outra banda, máis novidosas, cando menos aparentemente, son as que desde posicións de esquerda –mesmo de pretendida esquerda anticapitalista– se empeñaron nunha operación suicida en que chamaban a fuxir dos sindicatos, iso si, sen presentar calquera outra alternativa. Os partidarios de abandonaren a intervención política lanzáronse contra o sindicalismo por dirixirse a un suxeito, o proletariado, que segundo afirmaban ficara diluído pola imparábel voracidade do capitalismo. Malia que con vinte anos de atraso, houbo quen na Galiza se sumou a estas propostas con mesmo menor éxito que os seus promotores da *gauche divine* ex marxista. Os propios acontecementos e o incremento das tensións clasistas, no contexto de crise que vivimos, evidenciaron a fragilidade da operación e a maioría dos que a defenderon aínda continúan na súa fuxida, supomos que preparando unha nova piroeta da súa interminábel viaxe a ningunha parte.

Non son estas as posicións críticas que tentaremos abordar neste traballo. O que realmente nos interesa son as que proveñen do propio sindicalismo organizado e que denuncian o imparábel proceso de institucionalización de que están presas as organizacións sindicais<sup>2</sup> como resultado da súa participación no novidoso modelo de concertación social arestora dominante, construído sobre unha extensa tradición de colaboración obreiro-patronal sobre a práctica do diálogo social<sup>3</sup>.

Malia non ser este un fenómeno novo, si cremos que nun contexto de crise como o que vivimos a institucionalización e burocratización que sofren en diversas medidas as nosas organizacións sindicais supoñen, máis do que nunca, un verdadeiro lastre para que desenvolvan o papel que historicamente cumpriron e que as traballadoras e os traballadores demandan delas.

Tentaremos nas seguintes páxinas descubrir a natureza de tales fenómenos, con especial atención aos seus efectos no sindicalismo maioritario na Galiza. Porque o interesante destes procesos que ameazan a supervivencia do sindicalismo como plataforma reivindicativa é que non son exclusivos do sindicalismo galego nin tampouco do español, e que non derivan dunha ou outra decisión ou orientación das direccións sindicais. Existen, no capitalismo, bases obxectivas que posibilitan e promoven a burocratización e institucionalización sindical, tal e como demostra que estes fenómenos se manifestasen de forma recorrente e xeneralizada en practicamente todos os sindicatos.

## **2. Da fin dos gremios á autoorganización obreira: da prohibición ao recoñecemento e volta á prohibición**

As primeiras experiencias de organización obreira no Estado español virán da man da paulatina destrución das institucións do Antigo Réxime. Especial atención merece, nesta substitución do réxime absolutista por un máis acaído ao modo de produción capitalista, o decreto das Cortes de Cádiz de 1813 que establece a liberdade de in-

<sup>2</sup> ANTUNES, R. (2003) *Adeus ao traballo?* Vigo, Edicións A Nosa Terra, p. 66.

<sup>3</sup> MONTROYA MELGAR, A. (1997) «El diálogo social en el derecho del trabajo» *Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* 3, p. 141.

dustria e o seu exercicio «sen necesidade de exame, título ou incorporación aos gremios respectivos, cuxas ordenanzas se derrogan nesta parte»<sup>4</sup>.

Tal disposición, aínda que vai ser derogada e posteriormente recuperada no marco dos fráxiles equilibrios de poder entre liberais e conservadores, ten unha importancia capital e marca a fin do predominio dos gremios como marco da organización laboral, ao reducilos a entes fantasmagóricos unha vez que se lles arrancaban os seus privilexios<sup>5</sup>.

Este decreto será a culminación dunha longa listaxe de disposicións normativas<sup>6</sup> que durante todo o século XVIII irían recortando os aspectos institucionais e funcionais dos gremios. Tal proceso, xunto con outros como o da desamortización, é representativo da gradual substitución dos estreitos marcos das relacións de produción feudais polas relacións de produción capitalista. A súa consolidación marcará asemade o nacemento dun aparello estatal plenamente burgués que vai atopar, xa desde o primeiro momento, no movemento obreiro un novo inimigo que ameazará a súa hexemonía.

Configurarase así un novo escenario social, político e económico protagonizado pola pugna entre a burguesía e o proletariado. Esta pugna pasará por diferentes etapas que podemos encadrar, coas peculiaridades específicas do noso propio desenvolvemento histórico, no que a doutrina francesa deu en denominar fases de prohibición, de tolerancia e de recoñecemento, que con diferentes ritmos, avances e retrocesos percorreron a maior parte dos novos estados burgueses europeos no tratamento da cuestión obreira e as súas organizacións.

No caso do Estado español, e por extensión da Galiza, a fase de prohibición correspóndese coa etapa histórica en que a burguesía española está en proceso de afianzamento como clase dominante<sup>7</sup>, nos dous primeiros terzos do século XIX. Como no

<sup>4</sup> Decreto das Cortes de Cádiz de 8 de xuño de 1813, sobre o libre establecemento de fábricas e o exercicio de calquera industria téxtil, reproducido integramente en ALARCÓN CARACUEL, M. (1975) *El derecho de asociación obrera en España (1839-1900)*. Madrid, Ediciones de la Revista de Trabajo, p. 311.

<sup>5</sup> NÚÑEZ DE ARENAS, M. e TUÑÓN DE LARAT., M. (1970) *Historia del movimiento obrero español*. Barcelona, Editorial Nova Terra, p. 9.

<sup>6</sup> Mesmo atopamos disposicións que se remontan ao século XVII, concretamente ao ano 1682, cando Carlos II promulga a lei que permite ser dono de fábricas sen pertencer a ningún gremio.

<sup>7</sup> ALARCÓN CARACUEL, M. (1975) *op. cit.*, p. 12.

resto de Europa, o proceder estatal estará decisivamente influenciado pola doutrina liberal que predica o abstencionismo en materia laboral e a destrución de calquera institución ou entidade que pretenda impedir a natural concorrència capitalista. Alén do mencionado Decreto de 8 de xuño de 1813, nesta lóxica destacan o Real decreto de 20 de xaneiro de 1834, que retomaríase o espírito das Cortes de Cádiz a respecto dos gremios e que recordemos foi derogado en 1817 e 1834; e o Código penal de 1848, en cuxos artigos 211 e 212 se sometía todas as asociacións ao réxime de consentimento previo polo Estado<sup>8</sup>, mentres no 461 se punía as coalicións obreiras e, por tanto, as súas actuacións en defensa de mellores condicións laborais.

A actitude prohibicionista non impediría un paulatino crecemento do movemento obreiro ao ritmo da expansión industrial que se concentraría nese período na industria téxtil catalá e na implantación dunha potente siderurxia vasca. Nesta fase, no caso galego predominaron o mutualismo, o cooperativismo e as sociedades de resistencia.

Pola súa parte a fase de tolerancia corresponderase co último terzo do século XIX, cando, aos poucos, vaia cedendo a etapa prohibicionista por causa da consolidación das novas organizacións obreiras e os acontecementos políticos<sup>9</sup> que facilitaron unha mudanza da actitude coercitiva. Esta fase non implicará un recoñecemento xurídico pleno, mais permitiralles ás organizacións sindicais actuaren na legalidade ao seren despenalizadas as súas actividades. Doutro lado, a tímida actitude aperturista será posta a proba coa aparición da Asociación Internacional de Traballadores (AIT), que provocará contradicións e demostrará os estreitos marcos en que se moverán as organizacións obreiras da época.

A etapa do recoñecemento, por fin, suporá a consolidación definitiva dunha regulación de tipo garantista dos dereitos colectivos. Esta terceira fase virá precedida dunha dura reacción ao período republicano que rematou co golpe de Estado do xeneral Pavía –que disolvía o réxime parlamentar– e a disolución da Internacional en 1874, que obrigará o movemento obreiro a pasar á clandestinidade. O período de recoñece-

<sup>8</sup> O artigo 211 establecía os requirimentos para que unha asociación actuase na legalidade, mentres que o artigo 212 marcaba as penas para aquelas asociacións e os seus integrantes que os incumprisen. O artigo 461 desenvólvese so o ilustrativo título «Das maquinacións para alterar o prezo das cousas». DE LA VILLA, L. E. (1984) *Materiales para el estudio del sindicato*. Madrid, Instituto de Estudos Laborais e da Seguridade Social, pp. 58-59.

<sup>9</sup> Referímonos á coñecida como Revolución setembrina e á I República.

mento xurídico inaugurárase coa aprobación da Constitución de 1876, que entre outros proclamaba o dereito de asociación, e consolidárase a partir de 1881, cando o réxime se sentiu o suficientemente forte como para lles permitir saír á luz ás organizacións do proletariado<sup>10</sup>.

A partir deste momento o asociacionismo obreiro non só operará como un dereito, senón que en palabras de Alarcón será un «feito socialmente asimilado». O réxime militar primorriverista non modificará, entendemos, tal recoñecemento. É certo que desata unha dura represión contra as organizacións obreiras máis combativas, mais non modifica, ao noso entender, o espírito do recoñecemento ao intensificar como nunca a tentativa de cooptación dunha parte destacada do movemento obreiro.

Non será até o golpe de 1936 cando o Estado español feche a etapa do recoñecemento xurídico para impor unha dramática fase de prohibición que virá acompañada da eliminación física dunha boa parte dos cadros e afiliadas e afiliados dos sindicatos e partidos obreiros, para instalar no seu lugar unha imponente estrutura burocrática ao servizo do novo réxime.

Resistímonos a encadrar os case corenta anos de ditadura na etapa prohibicionista que inaugura o golpe de estado de 1936. Os cambios operados na década de 1950, acompañados da irrupción das organizacións sindicais, garda máis semellanzas co período de recoñecemento que co de prohibición, a pesar de que os sindicatos actuaron na ilegalidade até a década de 1970.

### **3. Transición, democracia e concertación. Novo escenario sindical con novos e vellos protagonistas**

Coa morte de Franco o 20 de novembro de 1975 e o inicio da segunda restauración borbónica na figura de Xoán Carlos I vai dar comezo unha breve etapa chamada «Transición» en que culminará un longo proceso que xa arrancara na década de 1950 e que provocará unha profunda transformación do panorama político e sindical no Estado español.

<sup>10</sup> ALARCÓN CARACUEL, M. (1975) *op. cit.*, pp. 14-15.

Esta intensa etapa histórica que se inicia coa morte do ditador e vai estar marcada por unha fonda crise económica mundial determinará o escenario en que aínda se desenvolve na actualidade o sindicalismo. E é que boa parte das forzas obreiras que apostaban pola ruptura, e que contaban na altura cunha importante capacidade e un amplo apoio por seren o elemento chave na oposición á ditadura, van saír desta etapa encarreiradas sen remedio para o camiño da concertación e presas da lóxica de Estado.

Mais antes de analizarmos os efectos da reforma no plano sindical, que culmina co recoñecemento da liberdade sindical e a subscrición dos convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT) a este respecto, completaremos a descrición dun asociacionismo operario que, alén do que xa rexistramos no punto anterior, vai coñecer un momento decisivo, o nacemento dun movemento obreiro xenuinamente galego.

### **3.1. A reforma sindical e os Pactos da Moncloa. O camiño cara á institucionalización sindical**

En novembro de 1975 converxen no Estado español dous procesos. Por unha banda, unha profunda crise internacional do modelo de acumulación capitalista que vai golpear duramente a economía española; e, pola outra, a crise dun réxime político en descomposición.

Ponse neste momento de manifesto a vontade do bloque da clase dirixente de pilotar unha transición tranquila da ditadura á democracia, burguesa por suposto, sen mediar ningunha ruptura cos case corenta anos de franquismo. Para esta tarefa contarán coa colaboración da dirección do PCE (o que implicou CC. OO.) e dun PSOE (e UGT) que tivo unha participación discreta na oposición ao franquismo, mais que reaparece nestes anos fortemente apoiado e financiado pola poderosa socialdemocracia alemá.

Serán estas forzas as que, ante a incapacidade da esquerda radical para articular unha oposición de masas aos ritmos da Transición, lograrán canalizar dúas décadas de mobilizacións pola mellora das condicións laborais, en defensa da ruptura democrática e dos dereitos nacionais da Galiza, Euskal Herria e os Países Catalans, na estreita lóxica da negociación cun sector da elite do antigo réxime, que cristalizaron na reforma sindical e nos chamados Pactos da Moncloa.



No marco da reforma sindical, que non ruptura, imos asistir á voadura controlada da edificación institucional colosal da Organización Sindical Española (OSE)<sup>11</sup>, no medio do máis estrepitoso dos silencios, para lles pór fin a décadas de nacionalsindicalismo e oficializar o que era no final do franquismo unha realidade de feito, a liberdade sindical. Tomaremos de referencia as reflexións do traballo colectivo *El sindicalismo de clase en España*<sup>12</sup>, que divide en catro etapas a reforma que culminará no ano 1977, mais que arrancara en 1956 co ingreso do Estado español na ONU e na OIT.

Mentres aínda se sucedían os funerais por Franco, tiña lugar a coroación de Xoán Carlos I no marco das leis da ditadura<sup>13</sup> e en decembro tomaba posesión Arias Navarro como xefe do Goberno. Vai ser este goberno, inzado de «reformistas», o que vai enfrontar a primeira etapa da reforma sindical que se verá concretada na reforma da declaración XIII do Foro do traballo no mes de xaneiro de 1976. A primeira tentativa de reforma parte da posibilidade de facer compatíbel a Organización Sindical Española (OSE) cunha certa pluralidade, o mantemento da representación sindical nos órganos de goberno e unha posíbel reforma do papel do Ministerio de Relacións Sindicais<sup>14</sup>. Tal reforma sería levada ao Pleno do Congreso Sindical e concretaríase nunha nova Lei sindical. Esta proposta encontrou a oposición das organizacións sindicais clandestinas, mais tamén de amplos sectores da OSE, polo que, ao igual que a reforma política deseñada polo goberno de Arias Navarro, fracasaría.

A segunda etapa da reforma sindical iníciase coa chegada ao Goberno de Adolfo Suárez en xullo de 1976, após o cesamento de Arias Navarro, o que abre tamén unha fase definitiva da reforma política. A diferenza da anterior tentativa, esta virá precedida dunha rolda de contactos coas organizacións ilegais e pode resumirse no recoñecemento da liberdade sindical e dos funcionarios sindicais como funcionarios públicos, ao tempo que o patrimonio sindical pasa a mans do Estado.

<sup>11</sup> O réxime fascista eliminou as organizacións obreiras existentes para substituílas por unha proposta «sindical» propia. Para sermos máis precisos diremos que o novo réxime non a crea, senón que toma emprestado un proxecto ideado por un pequeno grupo que pretendeu trasladar durante a Segunda República os métodos e postulados dos fascismos europeos ao Estado español. Falamos da Falanxe das JONS e do sindicalismo vertical.

<sup>12</sup> ALMENDROS MORCILLO, F.; JIMÉNEZ-ASENJO, E.; PÉREZ AMORÓS, F. e ROJO TORRECILLA, E. (1978) *El sindicalismo de clase en España (1939-1977)*. Barcelona, Ediciones Península.

<sup>13</sup> BERAMENDI, J. (2007) «A Galiza autónoma (desde a Transición)» en Barreiro Fernández, X. R. e Villares Paz, R. (coords.) *A gran historia de Galicia*, tomo XIV. A Coruña, Arrecife Edicións Galegas, pp. 75-77.

<sup>14</sup> Este ministerio foi creado pola Lei sindical de 1971 como órgano de enlace, de control da legalidade e de presidencia de todas as instancias.

Non será até outubro cando se presente no Consello de Ministros a proposta de reforma. Estamos na terceira etapa cando se acorda enviar ás Cortes a Lei de asociación sindical, que previa a constitución por parte de traballadoras e traballadores e empresariado de asociacións profesionais por ramas de actividade, e a creación da Administración Institucional de Servizos Profesionais, para lle dar unha solución momentánea ao aparello burocrático do nacionalsindicalismo. No marco destas propostas De la Mata, ministro de Relacións Sindicais, proporá o futuro Consello Económico e Social e iniciará os trámites para ratificar os convenios 87<sup>15</sup> e 98<sup>16</sup> da OIT.

Será na cuarta e última etapa desta reforma cando o proxecto de lei pase o trámite das Cortes e se procure o seu recoñecemento por parte da OIT. Após aprobar no mes de outubro o Proxecto de lei para a reforma política, o Proxecto de lei de asociación sindical pasa a ser prioritario para o goberno de Suárez. Será en xaneiro de 1977 cando comece o debate en comisión para pasar ao pleno no mes de marzo. O resultado será a Lei 19/1977, de 1 de abril, de asociación sindical (LAS)<sup>17</sup>.

A Lei 19/1977, aínda en vigor para o asociacionismo empresarial, e a primeira norma para o seu desenvolvemento<sup>18</sup> van dar paso á legalización das organizacións sindicais até o momento ilegais en virtude do Decreto de 1938, que pon fin á interrupción da fase de recoñecemento imposta polo réxime franquista. Ademais, a aprobación da LAS vai permitir a subscrición dos convenios da OIT referidos á liberdade sindical.

Se a reforma sindical vai provocar a recuperación da liberdade sindical e vai posibilitar a legalización das organizacións sindicais que até o momento actuaran na clandestinidade, os Pactos da Moncloa van marcar decisiva e profundamente as relacións Estado-sindicatos, ao inaugurar a política da concertación e pór as bases dun dereito do traballo e da seguridade social «flexíbel», que deixa de ser un poder compensador da desigualdade social imperante para se converter en ferramenta da eficiencia económica e a competitividade da empresa.

<sup>15</sup> Artigo 2: «Os traballadores e os empregadores, sen ningunha distinción e sen autorización previa, teñen o dereito de constituir as organizacións que estimaren convenientes, así como o de se afiliaren a estas organizacións coa soa condición de observaren os seus estatutos».

<sup>16</sup> Artigo 1.1: «Os traballadores deberán gozar de adecuada protección contra calquera acto de discriminación tendente a reducir a liberdade sindical en relación co seu emprego».

<sup>17</sup> BOE n.º 80, de 4 de abril de 1977.

<sup>18</sup> Falamos do Real decreto 873/1977, de 22 de abril, sobre depósitos das organizacións sindicais. BOE n.º 101, de 28 de abril de 1977.

Sobra dicirmos que os Pactos da Moncloa son o punto de chegada dun camiño que o binomio PCE-CC. OO. comezara a andar moito antes de 1977<sup>19</sup>. A aparición a partir da década de 1960 dun sindicalismo radical<sup>20</sup> á esquerda da liña oficial do PCE que provocou escisións, e a creación de correntes no seo do sindicato, é a proba e a peaxe da viraxe que a dirección do PCE e CC. OO. viñan realizando para se adaptaren a unha posíbel saída negociada, e por tanto non-rupturista, do réxime e tamén da reestruturación do capitalismo español.

No caso de CC. OO., nunha data tan temperá como 1976 prodúcese un feito que confirmará a liña de que falamos e ha preparar a organización para o papel que terá que cumprir na reforma política e sindical. Falamos da decisión que resalta García Durán e que foi adoptada no I Congreso, coñecido como Asemblea de Barcelona, en que «decide renunciar á súa orixe como forza obreira non estritamente sindical, sometida ás asembleas, e converterse en sindicato de afiliación. A polémica legalización do PCE dera os seus froitos»<sup>21</sup>. O abandono da súa natureza sociopolítica e a asunción do modelo sindical tradeunionista, pouco proclive a pasar das demandas de tipo economicista, van ser como veremos decisivos.

No caso de UGT as resistencias foron menores. Ao igual que o PSOE practicamente desaparece vítima da represión e ten un papel moi discreto na oposición ao franquismo, mais nos últimos anos do réxime reaparece e é claramente favorecida fronte a CC. OO. e o resto das organizacións sindicais clandestinas. Á vista do seu papel durante a Transición e os anos que a seguen, podemos afirmar que a nova UGT vai

<sup>19</sup> «Cando o PCE iniciou o desmantelamento da guerrilla que heroicamente resistía na Península no final dos [anos] 40, abandonando moitos á súa sorte fronte e a centenas de quilómetros de distancia das fronteiras, renegando dela, asfixiando a súa memoria no silencio máis deplorábel, fíxoo para preparar o que sería a fracasada “reconciliación nacional”. Cando o daquela secretario xeral no exilio depurou as direccións clandestinas no interior, con métodos stalinistas, para pór nelas peóns fieis e incondicionais co novo reformismo, fíxoo para preparar novos xiros á dereita. Cando no final de xaneiro de 1977 o PCE ordena controlar os protestas multitudinarias polos asasinatos de cinco avogados en Madrid, e amansar a militancia, fíxoo para convencer a burguesía de que lle concedese a legalización en abril». GIL DE SAN VICENTE, I. (2009) [en liña] *El nacionalismo imperialista del PCE en España. Crítica de una historia de dominación*. Dispoñible en formato electrónico no enderezo web <<http://www.kaosenlared.net/noticia/nacionalismo-imperialista-pc-espana-critica-historia-dominacion>>, p. 93.

<sup>20</sup> Insistimos en diferenciar as expresións organizadas do sindicalismo radical, de que xa demos conta máis arriba, das organizacións sindicais que neses anos se configuran nas nacionalidades non-españolas do Estado.

<sup>21</sup> GARCÍA DURÁN, R. (1991) «La lucha de clases: pragmatismo ¿para quién?» en Etxezarreta Zubizarreta, M. (coord.) *La reestructuración del capitalismo en España (1970-1990)*. Barcelona, Icaria, p. 435.

ligar coa liña posibilista e reformista que posibilitara a íntima colaboración co réxime primorriverista.

Os Pactos da Moncloa compóñense de dous acordos, un de contido económico e outro político, que foron asinados o 25 de outubro de 1977 e que, aínda que asinados polos principais partidos políticos da época<sup>22</sup>, condicionaron enormemente a actitude das centrais sindicais até o punto de significaren un antes e un despois no movemento sindical<sup>23</sup>.

Os Pactos pretendían facerlle fronte ao duplo desafío da crise económica e política que, como vimos, padecía o Estado español na altura. Mais o principal logro que alcanzan é o consenso xeral, desde o novo poder até a oposición con influencia de masas, de que é necesario facer depender o crecemento económico, e xa que logo a recuperación do beneficio privado, de factores tales como as políticas de emprego, os salarios ou as condicións laborais. Desde ese momento os salarios están condenados a creceren por debaixo da inflación e os incrementos toman como referencia o IPC previsto, dando por entendido que os aumentos na produtividade pasan a engordar os excedentes empresariais. Ademais introducen novidades que van satisfacer as demandas da patronal, que reclama a derogación dos artigos máis protectores recollidos na Lei de relacións laborais de abril de 1976, sobre todo no referido aos despedimentos, a introducir a lóxica da «flexibilidade» e posibilitar a contratación temporal e os «axustes» dos cadros de persoal de empresas en crise.

O paquete de medidas regresivas para as conquistas da clase traballadora era de tal magnitude que non foron doadamente dixeríbeis por CC. OO. e UGT. Enfrontadas a unha máis que probábel rebelión, optaron por unha táctica dilatoria con que sortear as contradicións e disidencias internas que terían que superar para lograren saír máis ou menos indemnes do apoio ao pacto social. Curiosamente, a dirección de CC. OO. logrou silenciar a manifesta oposición de moitas das súas seccións sindicais máis rápido que UGT, que mesmo chegou a participar na primeira mobilización convocada no noso país contra o pacto social o día 29 de outubro na cidade de Lugo<sup>24</sup>.

<sup>22</sup> Concretamente UCD, AP, PSOE e PCE, aínda que AP só asina o acordo político.

<sup>23</sup> MERA, M. (2011) [en liña] «Pacto da Moncloa: a clase obreira traizoada». Dispoñíbel en formato electrónico no enderezo web <<http://www.fesga.org/?p=1331>>, p. 2.

<sup>24</sup> Aquela mobilización, a que asistiron 500 persoas, foi convocada polo SOG-ING, CSUT, USO e UGT. MERA, M. (2011) *op. cit.*, p. 5.

Con todo, após un mes de certa confusión as posicións ficaron claras por fin. CC. OO. e UGT defenderon os Pactos e o límite salarial nos convenios. Na Galiza, o pacto social vai ter unha incidencia inmediata no conflito da construción da provincia de Pontevedra, e sobre todo no do metal da mesma provincia, onde pregándose aos acordos asinados en Madrid CC. OO. e UGT constitúen unha comisión negociadora diferente á electa polos traballadores.

É por isto que non por seren a culminación dun proceso máis ou menos anunciado deixan os Pactos da Moncloa de teren unha importancia capital. Son, en palabras do profesor Palomeque, «a primeira e transcendental manifestación da concertación social en plena transición política non exenta, claro está, de importantes repercusións económicas e sociais»<sup>25</sup>. Tratábase de canalizar o malestar que as medidas para a reestruturación do capitalismo provocaban entre a clase obreira co obxecto de impedir que se traducisen en conflito social e, á vista do descenso na intensidade da conflictividade, cómpre recoñecermos que lograron o obxectivo perseguido.

Malia que nos primeiros seis meses de 1978, en parte debido á confusión reinante e ás reclamacións do cumprimento das contrapartidas dos Pactos, se rexistrou no conxunto do Estado español un alto nivel de mobilización, xa na segunda metade dese ano asistiremos a un descenso acusado da conflictividade ao faceren efecto sobre as mobilizacións obreiras as limitacións da práctica xeneralizada da negociación colectiva<sup>26</sup>. En 1979 produciuse un certo repuntamento da conflictividade en parte porque unha vez aprobada a Constitución en 1978 e coa convocatoria dun proceso electoral non era aconsellábel para a esquerda a práctica do pacto social.

A pesar deste aumento da conflictividade<sup>27</sup>, Albarracín sinala que tanto CC. OO. como UGT continuaron a afondar nas tendencias que se iniciaran cos Pactos da Moncloa. Tanto é así que UGT pacta coa CEOE<sup>28</sup> en xuño de 1979 o Acordo básico interconfe-

<sup>25</sup> PALOMEQUE LÓPEZ, C. M. (1994) *Derecho sindical español*. Madrid, Tecnos, p. 350.

<sup>26</sup> ALBARRACÍN, J. (1991) «La política de los sindicatos y la dinámica del movimiento obrero» en Etxezarreta Zubizarreta, M. (coord.) *La reestructuración del capitalismo en España (1970-1990)*. Barcelona, Icaria, p. 406.

<sup>27</sup> As folgas afectaron no conxunto do Estado español a un total de 5 713 000 de traballadores e traballadoras, a cifra máis alta desde a morte de Franco.

<sup>28</sup> A Confederación Española de Organizacións Empresariais foi fundada en 1977 e é a organización que representa os empresarios españois. A súa constitución supón un fito do asociacionismo empresarial ao rachar coa tradición de fragmentación organizativa que o caracterizara durante o franquismo, cando existían até tres organizacións empresariais, para así facilitar a súa articulación fronte ás demandas dos sindicatos.

deral (ABI) que servirá de novo marco para as relacións laborais<sup>29</sup>. Tanto é así que o Acordo sería asumido pola UCD e polo PSOE e había converterse no título III do futuro Estatuto dos traballadores<sup>30</sup>. Só un ano despois, UGT asinará o Acordo marco interconfederal (AMI) en que se establecía o marco da negociación colectiva para os dous seguintes anos. A clara aposta desta organización pola concertación vai posibilitar que sexa claramente favorecida pola patronal, que vai pór en marcha unha indisoluble política para premiala na negociación colectiva cun duplo obxectivo. Por unha parte, recompensar UGT pola súa activa práctica desmobilizadora<sup>31</sup>; e, pola outra, premer CC. OO. para que acabase de aceptar as novas regras de xogo.

Ora ben, que CC. OO. mantivese unha posición máis precavida na práctica do pacto social non significa que non aceptase a súa lóxica. Todo o contrario. Como vimos, CC. OO. adaptouse aínda con máis celeridade que a UGT ás directrices do PCE no que respecta aos Pactos da Moncloa e, unha vez consolidados a restauración borbónica e o novo réxime, tampouco quixo utilizar a súa influencia entre a clase obreira<sup>32</sup> para plantar unha batalla seria contra a política de axustes da UCD e a batería de normas que irían deteriorando as conquistas sociais<sup>33</sup>.

Paradigma desta actitude dilatante foi o acontecido arredor da aprobación do Estatuto dos traballadores. CC. OO. convocou unha folga de media hora o 11 de xuño de 1979 contra o proxecto desta lei e, durante o seu trámite parlamentario, unha concentración en Madrid. A pesar de que se prevía unha folga xeral, a dirección de CC. OO. optou por unha estratexia de dispersión xeográfica das mobilizacións, que finalmente perderon forza. Aí rematou a resposta dun dos puntais da loita antifranquista contra unha norma que, malia ser unha recompilación de normas anteriores, abría o camiño da flexibilización do mercado de traballo coa institucionalización do contrato temporal,

<sup>29</sup> A filosofía do ABI establece o recurso sistemático á concertación, o papel preponderante das seccións sindicais e a moderación das reivindicacións obreiras nunha época de crise.

<sup>30</sup> Lei 8/1980, de 10 de marzo, de estatuto dos traballadores. BOE n.º 64, de 14 de marzo de 1980.

<sup>31</sup> ALBARRACÍN, J. (1991) *op. cit.*, p. 411.

<sup>32</sup> O resultado das eleccións sindicais de 1978 confirmou CC. OO. como a primeira forza sindical no Estado español, co 34,5% das delegadas e delegados, e UGT como a segunda, co 21,7%.

No territorio galego, tamén CC. OO. e UGT foron as forzas máis votadas, con 2388 e 1481 votos respectivamente, mais a ING logrou alcanzar o terceiro lugar, con 1079 delegados e delegadas.

<sup>33</sup> Destaca o Real decreto Lei 43/77, de 25 de novembro, que inaugura a característica tradición española da rixidez monetaria dos salarios á baixa.

causalizou o despedimento ou institucionalizou o marco negociador aprobado pola CEOE e UGT no ABI<sup>34</sup>.

Sería no marco dos efectos da tentativa de golpe de estado de 23 de febreiro de 1981 que CC. OO. asinaría o Acordo nacional de emprego (ANE), acordo do Goberno coa patronal e os sindicatos en que, máis unha vez, se asumía a moderación salarial. Alén da participación de CC. OO. existe outra novidade neste acordo pola cal salienta sobre o resto. O ANE, coñecido tamén como «pacto do medo», outorga a sindicatos e patronal un recoñecemento especial e van pasar a converterse non só en interlocutores, mais en elementos institucionais na Seguridade Social, o INEM, o INSERSO, o INSALUD ou a Xunta de Prezos<sup>35</sup>. Este recoñecemento institucional será consecuencia do papel central dos sindicatos no novo réxime político e social consagrado pola Constitución de 1978 e que pasaremos en breve a analizar.

Fóra do texto asinado, os sindicatos recibirían oitocentos millóns anuais durante os seguintes tres anos provenientes do patrimonio sindical, coa condición de renunciaren a calquera reclamación durante este período.

Cedía así CC. OO. ás presións do PCE para que actuase de forma «responsábel», en palabras do dirixente Carrillo, e asumise as consecuencias do seu apoio aos Pactos da Moncloa. Mais non só. Aínda que estas dúas foron poderosas razóns, cumpriría ter en conta máis unha. O ABI e o AMI permitiran que UGT se asentase institucional e politicamente<sup>36</sup> ao verse favorecida polo Goberno e a patronal, o que a dotou dunha maior audiencia entre a clase obreira<sup>37</sup>. O certo é que a clase obreira actuaba con toda a lóxica, xa que se tanto UGT como CC. OO. apostaban ao fin por un desenvolvemento sindical similar o máis intelixente era optar polo máis eficaz. E este era UGT.

<sup>34</sup> HERNÁNDEZ DE LA FUENTE, J. M. (2004) [en liña] «Crisis del derecho del trabajo y globalización». Dispoñíbel en formato electrónico no enderezo web <<http://www.nodo50.org/ala/comisiones/laboral>>.

<sup>35</sup> MORÁN, A. (1996) «Auge y crisis de los grandes acuerdos sociales de los 80» *Cuadernos de Relaciones Laborales* 9, p. 28.

<sup>36</sup> MARTÍNEZ LUCIO, M. (2002) «España: regular el empleo y la fragmentación social» en VV. AA. *La transformación de las relaciones laborales en Europa*. Madrid, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, p. 563.

<sup>37</sup> Se nas eleccións de 1978 CC. OO. foi a primeira forza sindical no conxunto do Estado español, UGT case logra un empate nas de 1980, 29,3% fronte a 30,9%, e en 1982 xa é a primeira forza, co 36,7% fronte ao 33,4% de CC. OO. Nos seguintes anos UGT seguiría a aumentar a distancia con CC. OO.

Os Pactos da Moncloa van inaugurar toda unha fase da historia do sindicalismo. Unha fase en que aínda nos atopamos e que non demoraría demasiado en clarificarse nunha disputa aberta en dous grandes bloques, os cales se corresponden un coa práctica dun sindicalismo instalado no pacto social e na lóxica da concertación, e outro na mobilización e o conflito.

A incapacidade da CNT para se adaptar á nova situación e recuperar a súa influencia de masas<sup>38</sup> e o rápido esfarelamento do radicalismo sindical, incapaz de conectar realmente coa realidade sociocultural da clase obreira e de rachar con certas concepcións do sindicalismo maioritario, vai colocarnos a finais da década de 1970 e principios de 1980 nun escenario moi similar ao que coñecemos na actualidade.

Por unha banda UGT e CC. OO., como correas sindicais do PSOE e o PCE, contribuírán á relaxación da tensión social existente, converténdose en instrumentos de pacificación laboral; e, pola outra, un nacionalismo que vai lograr sobrevivir ao esfarelamento da esquerda rupturista no resto do Estado. Isto terá a súa tradución no campo sindical no achegamento entre a Intersindical Nacional Galega (ING) e a Central de Traballadores Galegos, escindida da Confederación de Sindicatos Unitarios de Traballadores (CSUT), e posteriormente coa Confederación Sindical Galega, escisión nacionalista da Unión Sindical Obreira (USO). Este proceso de converxencia confluíría en 1982 coa creación da INTG-Intersindical, central nacionalista en que se conxugaban todas as correntes da esquerda patriótica da altura.

A consolidación dunha central nacionalista en aberto contraste coas outras centrais maioritarias, UGT e CC. OO., non respondía unicamente ao perfil nacional, malia este tamén ser importante. O outro factor para levar en conta é a negativa do sindicalismo nacionalista a aceptar a lóxica dos Pactos da Moncloa e os efectos da concertación.

Xa en 27 de xaneiro de 1978 o SOG-ING lanza unha xornada de loita contra o pacto social que aínda que non logra paralizar o país si atinxe unha certa tensión social ben significativa das tendencias que se manifestarán na Galiza no eido sindical durante os próximos anos. É e que a ING primeiro, e despois a INTG-Intersindical, conseguirá converterse nun referente de combatividade e coherencia entre a clase operaria galega

<sup>38</sup> O movemento libertario foi historicamente un corpo heteroxéneo e a represión franquista agudizou máis aínda esta característica, o que provocou a supervivencia dun movemento extremadamente enfraquecido na época de que nos ocupamos. Ademais, este fragmentado e debilitado colectivo foi incapaz de adaptarse á nova realidade social da Galiza e do Estado español do momento.



nos primeiros anos na década de 1980 enfrontando, moitas veces en solitario, os golpes das reconversións industriais que poría en marcha o goberno do PSOE.

#### **4. A lóxica do diálogo e a concertación social no camiño da institucionalización do feito sindical. O sindicalismo na década de 1980**

A OIT define o diálogo social como todo tipo de negociación e consulta entre os representantes dos gobernos, a patronal e os traballadores e traballadoras sobre temas de interese común relativos ás políticas económicas e sociais<sup>39</sup>. Aínda que consecuencia lóxica do diálogo, a doutrina española ten sinalado a natureza distinta da concertación social, ao ser esta unha realidade institucional diferente da primeira, máis ampla que o simple encontro entre interlocutores para a formación dun consenso.

Somos conscientes da enorme riqueza de interpretacións que a doutrina española ten dado a un fenómeno que, sen dúbida, é o máis característico desta fase da historia do sindicalismo en que estamos instalados desde o final do franquismo. Porén, para facilitar a nosa abordaxe tomaremos como referencia os estudos, completados posteriormente por outros autores, do profesor Palomeque López. Así, definiremos a concertación social como un proceso de interrelación entre o Estado e a autonomía colectiva, isto é, os sindicatos e as organizacións empresariais, como resposta ás esixencias de gobernabilidade das sociedades complexas e mecanismo de corrección do esquema constitucional clásico procedente da tradición liberal<sup>40</sup>. Palomeque López vai relacionar de forma íntima diálogo e concertación social, ao entender o primeiro como actividade e o segundo como resultado desa actividade<sup>41</sup>.

Aínda que máis tardía que noutros estados europeos, no caso español existe unha ampla tradición harmonicista da lexislación laboral<sup>42</sup> que, como xa abordamos, coñeceu etapas de maior ou menor éxito, mais que se mantivo constante menos –evidentemente– durante a primeira etapa da ditadura franquista. Ora ben, será coa segunda restau-

<sup>39</sup> Departamento de Relacións Laborais e de Emprego da OIT [en liña] «Diálogo social». Dispoñíbel en formato electrónico no enderezo web <<http://www.ilo.org/public/spanish/dialogue/ifpdial/sd/>>.

<sup>40</sup> PALOMEQUE LÓPEZ, C. M. (1994) *op. cit.*, p. 438.

<sup>41</sup> PALOMEQUE LÓPEZ, C. M. (1997) «El diálogo social en el derecho del trabajo» *Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* 3, p. 141.

<sup>42</sup> Produto desta colaboración son as diversas institucións de participación obreiro-patronal tales como os xurados mixtos, os comités paritarios, os xurados ou comités de empresa, ou a presenza de representantes do movemento obreiro en multitude de órganos de goberno e institucións de carácter público.

ración borbónica, a partir de 1975, cando o Estado español adopte un perfeccionado e xeneralizado modelo de concertación social<sup>43</sup>, destinado a culminar en grandes pactos que asegurasen a paz social.

#### **4.1. A consolidación da concertación no marco do descenso da conflictividade, da crise da representatividade sindical e da independencia económica**

O primeiro efecto da liña dilatante que caracterizaría o sindicalismo de CC. OO., que non participaba dos mesmos beneficios dunha UGT que actuaba con comodidade na lóxica da concertación ao tempo que se mantiña subordinada ás relacións laborais deseñadas polo Goberno e a patronal, vai ser o descenso acusado da súa afiliación e, xa que logo, do factor de representatividade máis importante. Se ao I Congreso Confederal que decorría en 1976 CC. OO. concorria con preto dun millón de cotizantes, ao II Congreso en 1981 chegaba con 702 000, e á terceira cita congresual, en 1984, con 382 000.

Nin sequera a súa participación no ANE vai frear o descenso de afiliación e influencia, e no ano 1982 UGT vai lograr ser o sindicato máis votado nas eleccións sindicais. Incapaz de reaccionar, CC. OO. aínda asinará o Acordo interconfederal (AI) en 1983, o primeiro desde a chegada ao Goberno español do PSOE, que non vai figurar entre os asinantes mais foi o seu principal impulsor. O AI vai determinar a seguinte negociación colectiva e, de novo, imporá un retroceso do poder adquisitivo da clase obreira.

O Acordo económico e social (AES) que se asina a continuación, produto da concertación social, foi pactado entre a UGT, a CEOE e a CEPYME en 1984, ficando excluída CC. OO. Fomentado polo goberno de Felipe González, o AES conta cun amplo contido en que existen numerosos aspectos susceptíbeis de se desenvolveren en mesas e comisións de seguimento<sup>44</sup>. Como de costume, o acordo vai provocar un incremento salarial nos convenios menor ao crecemento do IPC real, mais tamén tratará temas relacionados con medidas fiscais, creación de fondos de investimento público ou comisións para modificar a lexislación laboral. Así mesmo, ha introducir a posibilidade do despedimento colectivo naquelas empresas con menos de vinte e cinco traballadoras e traballadores<sup>45</sup>.

<sup>43</sup> PALOMEQUE LÓPEZ, C. M. (1997) *op. cit.*, p. 143.

<sup>44</sup> MORÁN, A. (1996) *op. cit.*, p. 31.

<sup>45</sup> Eis o motivo aducido pola dirección de CC. OO. para non participar nel. Aínda así si que tentou participar nas comisións e mesas que se derivaron do acordo, sen logralo, ao ser excluída polos asinantes.

Nesa altura xa non se trataba de que CC. OO. non comprendese as razóns da súa perda de influencia e da crise do modelo sindical que abandeirara durante o franquismo, senón que este sindicato estaba plenamente instalado no novo marco existente e que el mesmo contribuíu a impor. Así, no III Congreso Confederal, en que vai rexistrar unha nova e alarmante caída de cotizantes, aprobará como medida estrela o Plan de solidariedade nacional contra o paro e a crise (PSN), inserido na filosofía do pacto social, e valorará con ton triunfalista os resultados do ANE, que lle permitiu recuperar terreo na negociación colectiva, recompor a unidade de acción con UGT e consolidar socialmente os sindicatos<sup>46</sup>. Evidentemente nada dixeron da perda de poder adquisitivo que as traballadoras e traballadores sufreron por causa da súa aplicación.

O sindicalismo de concertación sairá claramente vencedor e isto terá unhas consecuencias en aparencia contraditorias. Por un lado, os sindicatos gozaban dun recoñecemento institucional consagrado na Constitución de 1978 e apuntalado pola súa práctica colaboracionista cos respectivos gobernos e a patronal, mais, polo outro, estaban imersos nunha grave crise de representatividade de que se salvan, curiosamente, as organizacións galegas contrarias ao pacto social, as cales non deixan de crecer, en parte con cadros provenientes de CC. OO. ou da chamada «esquerda sindical»<sup>47</sup>.

Malia as dificultades metodolóxicas á hora de valorarmos a afiliación sindical, esta é a principal medida para coñecer o grao de adhesión a unha organización concreta, e a afiliación ás organizacións maioritarias e que gozaban de institucionalización grazas ao seu papel na concertación social non fixera máis que descender desde o ano 1978<sup>48</sup>. É evidente que poden influír neste acusado descenso da afiliación, que como vimos afectou en maior medida a CC. OO., a nova filosofía do pacto social que provocaba que a saída da crise se cargase sobre as condicións de existencia das traballadoras e traballadores, un recorte continuado dos dereitos sociais e un empeoramento das condicións laborais.

<sup>46</sup> MORÁN, A. (1996) *op. cit.*, p. 29.

<sup>47</sup> GUIMERÁNS SANJORGE, P.; RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, M.; PIÑÓN DOMÍNGUEZ, A. e VIEIRO CEBEIRO, Y. [en liña] *O sindicalismo galego na Transición*. Dispoñíbel en versión electrónica no enderezo web <<http://es.scribd.com/doc/52641595/O-sindicalismo-galego-na-transicion>>, p. 20 e ss.

<sup>48</sup> MIGUÉLEZ LOBO, F. (1991) «Las organizaciones sindicales» en ídem e Prieto, C. (eds.) *Las relaciones laborales en España*. Madrid, Siglo XXI, p. 218.

É certo que esta crise de representatividade non é un fenómeno exclusivo do sindicalismo español e parece instalada no conxunto do sindicalismo europeo. Como veremos, o Estado vai lograr suplir e relegar a un segundo plano a caída da afiliación. Nos seguintes anos a presenza afiliativa verase oportunamente ampliada, aínda que habería que dicir substituída, a través de mecanismos de audiencia e influencia institucional que precisamente son posíbeis grazas á súa institucionalización<sup>49</sup>.

Unha outra consecuencia desta crise da representatividade sindical, traducida nunha vertixinosa caída da súa afiliación, vai ser a cuestión do seu financiamento e, por tanto, da súa independencia económica. A situación financeira dos sindicatos no momento da súa legalización era máis ben precaria<sup>50</sup> e só o apoio económico internacional, no caso de UGT e ELA-STV por parte da Confederación Internacional de Organizacións Sindicais e a Confederación Mundial do Traballo respectivamente, e campañas de recollidas de fondos permitiron afrontar os primeiros retos derivados do seu novo papel. A incapacidade que tiveron os sindicatos para lograren a independencia económica no momento de maior crecemento das súas respectivas afiliacións traducírase nunha dependencia do crédito bancario e das subvencións institucionais para a súa supervivencia e o mantemento das súas cada vez máis sobredimensionadas maquinarias burocráticas.

#### **4.2. Culmina a institucionalización. A Lei orgánica de liberdade sindical**

Aínda que o fenómeno da institucionalización sindical se inaugura desde a mesma legalización dos sindicatos en 1977 e foi reforzada pola Constitución española (concretamente polo contido do artigo 7), a aprobación do Estatuto dos traballadores e os pactos sociais asinados, con destaque para o AES de 1981, este vai vivir a súa consolidación definitiva en 1985 coa aprobación da Lei orgánica de liberdade sindical (LOLS)<sup>51</sup>. Esta non só vai consolidar a institucionalización do sindicalismo, senón de dúas centrais concretas, CC. OO. e UGT, as principais protagonistas da concertación social desde os Pactos da Moncloa.

<sup>49</sup> BENEYTO, P. (2010) *Afiliación y representación sindical en Europa*. Estudios de la Fundación 37. Madrid, Fundación 1.º de Mayo, p. 3.

<sup>50</sup> SAGARDOY BENGOCHEA, J. A. e LEÓN BLANCO, D. (1982) *El poder sindical en España. Un estudio claro y directo sobre uno de los componentes de nuestro quehacer: el sindicato*. Barcelona, Editorial Planeta, p. 134 e ss.

<sup>51</sup> Lei orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical (LOLS). BOE n.º 189, de 8 de agosto de 1985.

A LOLS, que desenvolve o dereito á liberdade de asociación e regula as actividades dos sindicatos, vai introducir a figura do «sindicato máis representativo», fundamental para o fenómeno que estudamos. A LOLS (artigos 6 e 7) distingue catro tipos de sindicatos máis representativos<sup>52</sup>, o máis representativo no ámbito estatal, o máis representativo no ámbito da comunidade autónoma, o máis representativo por irradiación e os sindicatos simplemente representativos. No caso do recoñecemento nos ámbitos estatal e autonómico, as organizacións deberán obter respectivamente cando menos o 10% e o 15% do total de representantes nas eleccións a representantes do persoal nos centros de traballo<sup>53</sup>, co criterio adicional para o contexto autonómico de contar cun mínimo de 1500 representantes e que o seu ámbito territorial se limite á comunidade autónoma correspondente. Ambos os artigos da LOLS se refiren ás confederacións e non aos entes sindicais que as integran.

No que ten a ver cos outros dous tipos, a irradiación refírese á consideración de máis representativos daqueles entes sindicais afiliados, federados ou confederados nunha organización sindical que no ámbito estatal ou da comunidade autónoma teña a consideración de máis representativa<sup>54</sup>. O Tribunal Constitucional aclarou posteriormente<sup>55</sup> que a representatividade por irradiación será no concreto ámbito xeográfico e funcional que corresponda ao sindicato irradiado e ten por obxecto potenciar organizacións de ampla base territorial e funcional, contribuíndo así a evitar a atomización sindical. Para rematar, a LOLS concede tamén un réxime xurídico privilexiado, que o Tribunal Constitucional denomina «simplemente representativo», ás organizacións sindicais que aínda non tendo a consideración de máis representativas obtivesen nun ámbito territorial e funcional específico o 10% do total de representantes nas eleccións a representantes do persoal nos centros de traballo.

A LOLS, por riba de todos os demais criterios para medir o seu grao de representatividade, vai utilizar de forma exclusiva a audiencia das organizacións sindicais. Non é este un elemento menor. No ano 1985 os sindicatos están en plena crise de representatividade provocada polo acusado descenso da súa afiliación, rexistrada principalmente nos identificados coa lóxica da concertación. Resulta evidente a intención da LOLS de reforzar e multiplicar a maltreita representatividade dos sindicatos, que tamén se verá reforzada polo criterio da influencia sindical relacionada co seu papel na

<sup>52</sup> SALA FRANCO, T. e ALBIOL MONTESINOS, I. (2001) *Derecho sindical*. Valencia, Tirant Lo Blanch, pp. 105-121.

<sup>53</sup> Artigo 6.2.a) para o ámbito estatal e 7.1.a) para o autonómico.

<sup>54</sup> Artigo 6.2.a) para o ámbito estatal e 7.1.b) para o autonómico.

<sup>55</sup> STC de 29 de xullo de 1985.

negociación colectiva, e vai asegurarse o seu necesario apuntalamento para manter os frutíferos resultados da concertación e o pacto social.

Canto ás prerrogativas legais atribuídas aos sindicatos máis representativos, a LOLS vai apuntar en dúas direccións, as dúas de especial relevancia para o noso estudo. Dun lado, o Estado e a patronal conseguirán un interlocutor válido e, sobre todo, responsable; do outro, potenciarase a efectividade e o alcance dos sindicatos maioritarios. E é que a pesar do obxectivo recollido na súa exposición de motivos de tentar fomentar o pluralismo sindical, o certo é que vai consolidar a hexemonía de UGT e CC. OO., e só grazas á figura dos máis representativos na comunidade autónoma vai permitir unha certa contestación ao seu dominio aplastante no panorama sindical do Estado español.

Das prerrogativas que para o noso estudo interesan resaltamos que os sindicatos máis representativos se verán privilexiados na representación institucional ante a Administración pública, na negociación colectiva, nos sistemas non-xurisdiccionais de solución de conflitos de traballo e, por último, mais igual de decisivas, nas cesións temporais do uso de inmóbeis patrimoniais públicos.

Os sindicatos máis representativos no contexto estatal gozarán da «representación institucional ante as administracións públicas ou outras entidades de carácter estatal ou de comunidade autónoma que a tiveren prevista»<sup>56</sup>, que debe entenderse non só como participación nos organismos públicos de carácter consultivo ou decisorio, senón tamén como dereito de información pasiva ou de consulta. O Goberno será o encargado de ditar as disposicións precisas para asegurar o papel institucional das organizacións sindicais, tal e como recolle a disposición primeira da LOLS, que precisamente se desenvolve so o título de «Representatividade e participación institucional».

En realidade a LOLS só vai alongar algunhas das atribucións de que xa gozaban os sindicatos que participaban nos pactos sociais e que estaban previstas na Constitución de 1978. Tal e como analizamos, co ANE os sindicatos xa lograran, catro anos antes de se aprobar a LOLS, seren recoñecidos polo Goberno como axentes sociais e obter representación institucional na Seguridade Social, o INEM ou o INSALUD. E non só. O AMI, que recordemos foi asinado pola UGT e a CEOE en 1980, xa adiantara unha das principais novidades que introduce a LOLS cando regula as seccións sindicais<sup>57</sup>.

<sup>56</sup> Artigo 6.3 da LOLS.

<sup>57</sup> No AMI, UGT e CEOE acordan a posibilidade de crear seccións sindicais en empresas de máis de 250 traballadores e traballadoras para os sindicatos que contén cunha representatividade maior do 15%.

En definitiva, os resultados da aprobación da LOLS van ser contraditorios. Por unha parte, é o resultado dun grande e continuado esforzo dos sindicatos para seren recoñecidos como interlocutores ou axentes sociais por parte do Estado e a patronal<sup>58</sup>. No entanto, ao alcanzaren ese obxectivo nun momento en que o capital atravesaba un período de crise, a interlocución vai ser utilizada en función das necesidades da reestruturación que o capital necesita e da cal as normas laborais e a clase obreira van ser as principais prexudicadas.

### **4.3. 14 de decembro de 1988. Crise da concertación ou crise do sindicalismo?**

Curiosamente, após a aprobación da LOLS en 1985, e xa que logo da consolidación definitiva da institucionalización do sindicalismo maioritario, entraremos nunha fase en que se produce un aumento da conflitividade laboral no conxunto do Estado que culminará na folga xeral de 14 de decembro de 1988.

Cabería preguntarse entón se a lóxica da concertación social que se instala a partir dos Pactos da Moncloa –e a institucionalización sindical que fomentou– era un fenómeno pasaxeiro ou un elemento esencial do sindicalismo contemporáneo. O certo é que a calquera observador da época podería parecerlle máis correcta a primeira opción á vista do comportamento do Goberno e dos sindicatos neste período. Nós, que podemos analizar o desenvolvemento dos acontecementos e, o que é máis importante, o seu desenlace, chegaremos á conclusión de que a pretendida crise da concertación non foi tal, senón que o que aconteceu foi unha profunda crise do sindicalismo, da cal a lóxica do pacto social e da institucionalización saíu reforzada e incorporada á esencia mesma do chamado sindicalismo maioritario español.

Vexamos os acontecementos. Os indicios do cambio de conxuntura comezan a facerse evidentes a partir de 1985. Ao par da recuperación económica, tanto en CC. OO. como en UGT van sucederse os movementos internos que posibilitarán a folga de 1988. Ambas as centrais chegaron á conclusión de que a práctica da concertación, aínda que rendíbel institucionalmente, as sumira nunha profunda crise de representatividade que facía perigar a súa centralidade no escenario político. Desde que foran legalizados en 1977 os sindicatos sufriran un demorado mais constante proceso de desprestixio só superado polos «partidos» e os «políticos»<sup>59</sup>. Cada vez era máis evidente que ían comezar a sufrir as consecuencias dunha política de pactos coa patronal

<sup>58</sup> GARCÍA DURÁN, R. (1991) *op. cit.*, p. 456.

<sup>59</sup> GARCÍA DURÁN, R. (1991) *op. cit.*, p. 458.

e o Goberno que apenas reverteu en beneficios para a clase obreira e si en moitos sacrificios. Era necesario reaccionar ante a nova conxuntura e así o fixeron.

Se comezarmos por CC. OO., a crise interna dun PCE en descomposición vai ter consecuencias directas na central sindical. A división na dirección do partido posibilitou que unha parte da antiga dirección do sindicato denunciase a súa traxectoria e ensaiase un regreso ás orixes<sup>60</sup>. A pesar de que os congresos continuaban apoiando o Plan de solidariedade nacional, a acción sindical vai sufrir un xiro que ficou evidenciado na folga xeral de 20 de xuño de 1985 contra o Proxecto de lei de pensións. O éxito parcial da xornada de folga demostrou as posibilidades de intensificar a nova liña de mobilización nun escenario en que xa se palpaba o malestar social polas políticas regresivas impostas polo PSOE.

Pola súa parte, UGT cuestionábase a oportunidade e os beneficios de aparecer ligada ao goberno do PSOE. A liña pactista e subordinada a este e á patronal que a convertera na primeira forza nas eleccións sindicais de 1982 comezaba a ameazar a súa hexemonía. Tanto foi así que en 1986 sofre unha importante derrota nas eleccións sindicais, en que malia se manter como a primeira forza sofre un forte correctivo nas empresas con máis de cincuenta traballadores e nos sectores chave da economía. A situación agravouse nas eleccións na Administración pública, en que UGT volveu perder e acabou por situarse como terceira forza por detrás de CC. OO. e CSIF.

A folga de 14 de decembro de 1988 contra o Plan de emprego xuvenil foi o resultado dun escenario en que tanto CC. OO. como UGT, por diferentes vías e con diferentes ritmos, asumiron a profunda crise de identidade en que sumiran a acción sindical produto da política de concertación e pacto social. Foi a reacción ante a ameaza de perderen a súa centralidade na vida política do réxime que provocaría, sen remedio, a perda dos enormes beneficios de que viñeran gozando desde 1977.

Non debemos, por tanto, levarnos a confusión sobre as verdadeiras intencións do pulso co Goberno que se escenificou na folga xeral. En ningún momento se cuestionaría a lóxica da concertación e do sindicalismo institucionalizado en que ambas as direccións estaban comodamente instaladas. Tratábase de lle demostrar a un goberno socialista que pecara de soberbio cos sindicatos a forza que aínda mantiña a clase obreira<sup>61</sup>, porque o certo é que se esta non tivese capacidade de mobilización e vontade

<sup>60</sup> ALBARRACÍN, J. (1991) *op. cit.*, p. 416.

<sup>61</sup> GARCÍA DURÁN, R. (1991) *op. cit.*, pp. 452 e 453.



de combater as políticas regresivas do Goberno, a súa integración por medio dos sindicatos non sería necesaria.

É a perspectiva a que nos permite realizar unha análise do desenvolvemento e desenlace dos acontecementos e soste a tal afirmación. A folga de 1988 escenificou a crise da concertación? Rotundamente non. Apenas escenificou a crise dun sindicalismo institucionalizado e necesitado de demostrar ante o Goberno a súa capacidade de mobilización e ante a clase obreira a súa combatitividade. De feito, após a enorme demostración de forza do 14 de decembro, CC. OO. e UGT volveron negociar co Goberno, que pretendía parar o golpe e gañar tempo para mudar a correlación de forzas<sup>62</sup>.

Os sindicatos volveron mergullarse na negociación e o PSOE logrou revalidar a súa maioría absoluta. Os efectos da folga ficarán conxurados e só provocarán algunhas rectificacións por parte do Goberno, mais a concertación e o pacto social permanecerán. Nos seguintes anos continuarán articulándose novos instrumentos institucionais de diálogo, tales como o Consello Económico e Social<sup>63</sup>, e após un tempo de negociación descentralizada recuperaranse os grandes pactos que os sindicatos asinarán coa patronal, desta vez promovidos polo Partido Popular, acabado de chegar ao Goberno en 1996.

#### **4.4. Configuración dunha alternativa galega ao sindicalismo institucionalizado**

A configuración dun sindicalismo alternativo a UGT e CC. OO. na Galiza non vai soste-se unicamente na cuestión nacional, senón tamén na práctica da asemblea, o conflito e a mobilización, que se converterían nos seus sinais de identidade. Após a constitución da intersindical produto da confluencia de INTG e CSG en 1982, o sindicalismo nacional vai coñecer unha fase de crecemento que non só se verá reflectida no constante aumento do número de representantes electos nos centros de traballo<sup>312</sup>, mais na súa incidencia na conflitividade social deses anos e na capacidade de articular a resposta obreira á dura política de axustes protagonizada polo PSOE e que golpeou con especial dureza o tecido produtivo galego.

<sup>62</sup> ALBARRACÍN, J. (1991) *op. cit.*, p. 423.

<sup>63</sup> O Consello Económico e Social é un órgano consultivo presente en moitos países europeos. No caso español, créase en 1991 por medio da Lei 21/1991, de 17 de xuño, BOE n.º 145, de 1 de xullo de 1991, que o configura como un órgano de participación, con funcións consultivas e independente, que garante a participación dos axentes económicos e sociais na composición da vontade lexislativa en materias laborais e socioeconómicas. DURÁN LÓPEZ, F. (1997) «El Consejo Económico y Social, instrumento del diálogo social» *Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* 3, p. 189.

Con todo, o sindicalismo galego tampouco estivo exento de turbulencias internas provocadas pola dialéctica entre dúas formas antagónicas de entender a actividade sindical: por un lado, o modelo tradeunionista, de sindicalismo puro inspirado no británico; e, polo outro, o modelo sociopolítico, de sindicalismo con fondas raíces na intervención revolucionaria que se inspirou no modelo francés. Unha dialéctica, ademais, en certa parte adulterada pola presión incorporante da concertación social promovida polo Estado e que xa tivera os seus efectos no sindicalismo chamado maioritario.

Falamos da escisión da Intersindical en 1985 que daría na constitución da CXTG-IN. Os manuais de referencia do nacionalismo galego<sup>65</sup> apóñenlles a ruptura, máis que a cuestións sindicais, aos intereses divexentes dos respectivos partidos de referencia dos seus protagonistas, o BNG no caso da INTG e o PSG-EG no caso dos escindidos, mais a realidade é ben distinta. É certo que o elemento da subordinación aos intereses partidarios respectivos tamén tivo o seu peso na escisión, mais existía un elemento político sindical innegábel. No conflito interno que viviu o sindicalismo nacionalista confrontáronse dous modelos<sup>66</sup>, o tradeunionista de sindicalismo puro e o do sindicalismo movementista cunha clara vocación polo conflito e a ligazón con aspiracións de carácter revolucionario.

No entanto, a división non vai durar moito. A confluencia do conxunto do nacionalismo galego e o evidente *aggiornamento* da INTG<sup>67</sup>, que vai provocar importantes tensións internas entre os anos 1987 e 1989, posibilitará a unidade de acción entre esta e a CXTG-IN e, ao fin, a constitución da Confederación Intersindical Galega (CIG) en 1993.

<sup>64</sup> De 1672 delegadas e delegados (o 17,53% do total) que acadou a INTG nas eleccións de 1980 a Intersindical alcanza os 1659 (o 18,71% do total) en 1982 e CXTG e a INTG 2132 (o 20,78%) en 1986. Cómpre lembrarmos que en 1978 a ING lograra 1079 delegadas e delegados (isto é, o 15,11%) e en 1990, doce anos despois, o sindicalismo galego atinxirá 3270 representantes (o 23,3%), o que o coloca en posición de disputar a hexemonía de UGT e CC. OO. CIG (2002) *O sindicalismo nacionalista*. Cadernos de Formación Sindical 3. (s. l.), CIG, p. 40.

<sup>65</sup> BERAMENDI, J. e NÚÑEZ SEIXAS, J. M. (1996) *O nacionalismo galego*. Vigo, Edicións A Nosa Terra, pp. 290 e 291.

<sup>66</sup> PADÍN CORTEGOSO, I. (1987) *O «Que Fazer?» e por qué un leninista galego deve apoiar ao sector maioritario da INTG na polémica con os «críticos»*. Fene, Secretaría de Formación da INTG, pp. 28-40.

<sup>67</sup> BERAMENDI, J. e NÚÑEZ SEIXAS, J. M. (1996) *op. cit.*, p. 292.

Porén, o sindicalismo galego, a partir de agora organizado na CIG<sup>68</sup>, non asumirá o modelo da concertación e o pacto social que abrazaron UGT e CC. OO. Logrou manterse nas claves dun modelo con predilección polo conflito e a práctica da democracia operaria, a aceptación e participación no sistema de concertación social, aínda que sen aceptar a lóxica regresiva dos pactos bi e tripartitos, mantén a central nunha contraditoria práctica, ameazada permanentemente a esvarar cara a modelos propios do sindicalismo institucionalizado.

## 5. Conclusións

Na actual crise que atravesamos e ameaza o sindicalismo inciden multitude de elementos, como a crecente individualización das relacións laborais, a desregularización e flexibilización do mercado do traballo, o esgotamento do chamado sindicalismo de participación ou o clima de resignación social. Con todo, mal faríamos en descartar os decisivos efectos da institucionalización, e a burocratización que dela se deriva, en que hoxe están instaladas as principais forzas sindicais na crise de representatividade que sofren os sindicatos no Estado español.

Unha abordaxe mesmo epidérmica como a nosa constata que no esencial nada cambiou na dialéctica do movemento obreiro e o Estado burgués. Explicámonos. O novo Estado, premido pola cada vez máis explosiva conflictividade social, vai abandonar a posición absentista para adoptar unha dupla lóxica no que se refire ao movemento obreiro. Mentres persegue e reprime as expresións do movemento que ameazan a supervivencia do modo de produción capitalista, incentiva aquelas organizacións de inspiración tradeunionista que, insistindo nas súas reivindicacións de tipo economicista, respectan o marco político e económico vixente.

O novidoso modelo de concertación e pacto como resultado do diálogo social, sendo produto da evolución da lóxica estatal fronte á conflictividade obreira, introducirá importantes novidades ao intensificar e perfeccionar a tradicional dupla represión-cooptación. O modelo, en que os sindicatos asumen unha posición colaboracionista e

<sup>68</sup> En 1999 a CIG sufrirá unha nova escisión produto da cal nace a Central Unitaria de Traballadores/as (CUT), que tivo unha especial incidencia na zona do sur do país. Aínda que nos seus primeiros anos encabezou importantes conflitos, tales como o dos mariñeiros e mariñeiras do caladoiro sahariano, e propón unha sa recuperación das claves tradicionais do sindicalismo galego e de clase, non logrou aínda articular unha alternativa nacional á CIG.

defensiva, non sería posíbel sen o réxime franquista e sen que este lle inflixise á clase obreira unha dolorosa derrota histórica da cal aínda hoxe non logrou recuperarse.

Non entraremos no terreo da política-ficción para aventurarmos os trazos dun escenario político, social e económico en que non mediase a vitoria do fascismo e a posterior eliminación das mellores e máis avanzadas experiencias do movemento obreiro. Ora ben, si que podemos falar dos resultados da evolución histórica dos acontecementos e é innegábel que no Estado español asistimos a unha complexa e contraditoria sucesión de etapas de prohibición, tolerancia, recoñecemento e volta á prohibición durante a ditadura franquista. Como produto desta última etapa imporase a lóxica da concertación social e inaugurárase unha nova etapa, a da institucionalización, que ameaza gravemente a independencia política de que a clase obreira goza desde que derrubou o último mito burgués do proletariado no século XIX, alcanzando así a decisiva independencia de clase para o seu posterior desenvolvemento.

Os sindicatos hoxe institucionalizados asumiron sen apenas resistencias o seu novo papel e, sobre todo no caso de CC. OO., optaron por liquidaren a enorme lexitimidade social acumulada durante o franquismo para poder gozar dos enormes beneficios que a concertación lles ofrecía. A recente sinatura do Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións é unha boa proba do que afirmamos. O capital alcanzaba un dos seus obxectivos máis desexados e, ademais, facíao avalado polo sindicalismo maioritario, o que transforma a súa vitoria nunha dupla derrota para a clase obreira. A primeira porque co Acordo social e económico culminan dúas décadas de asedio contra o sistema público de pensións; a segunda deriva do feito de que se lograra no marco da concertación social en que UGT e CC. OO. levan décadas comodamente instalados.

Os resultados de máis de trinta anos de participación sindical na concertación social son desoladores. O marco español de relacións laborais é hoxe un mercado enormemente precarizado, desregulado, en que o factor traballo foi o principal sacrificado na procura do beneficio empresarial. O dramático é que as modificacións que nestes anos se introduciron no ordenamento xurídico laboral se aplicaron co beneplácito sindical. É certo que se manifestou a oposición dos sindicatos contra determinados plans do Goberno e a patronal especialmente lesivos contra a clase obreira, mais a lóxica da negociación e a responsabilidade institucional sempre lograron imporse. O apoio sindical amplificaba cada derrota, que unha e outra vez deixaba orfa a clase obreira fronte ás acometidas do capital.

E na Galiza? O proceso de conformación do movemento obreiro galego é longo e demorado, como corresponde ás condicións obxectivas da clase operaria galega. Unha clase pequena numericamente que só está en condicións de crear un movemento sindical en canto atinxe uns mínimos de expansión, situación que no país non se dá até a última década do século XIX. Non sendo estas, poucas diferenzas achamos entre as primeiras experiencias da organización obreira no noso país co resto do Estado, e mesmo co resto de Europa.

Mentres que noutras nacións do Estado o feito nacional diferenciado coñecía unha temperá articulación, e aínda que as particularidades da situación socioeconómica da Galiza como área periférica no desenvolvemento capitalista van influír e caracterizar con atributos propios o movemento operario desde as súas mesmas orixes, non será até a década de 1970 cando asistamos ao nacemento das primeiras organizacións autocentradas na Galiza e no seu pobo traballador. Porén, tales organizacións botarán fondas raíces entre a clase obreira galega, e hoxe son determinantes no actual escenario sindical.

No marco da disfuncional evolución do sindicalismo no Estado español, cun trágico réxime que aniquilou o mellor e máis avanzado da clase obreira, son as organizacións nacionalistas galegas as que –recoñezámolo– dotan dunha certa peculiaridade o panorama estudado. A desaparición da opción anarquista como proxecto de masas e a incapacidade da chamada «esquerda sindical» para disputar a dirección de CC. OO. tiveron dramáticas consecuencias para a clase obreira española e o sindicalismo institucionalizado é hexemónico na representación de traballadoras e traballadores.

Na Galiza o sindicalismo nacional e de clase, malia que con certas prácticas contraditorias en relación co sistema de concertación social dominante, continúa a resistir o proceso de homoxenización do panorama sindical do Estado español, e mantén acesa a histórica dialéctica entre apoliticismo e politización do movemento operario. Porque na peculiaridade do sindicalismo galego non só concorre a cuestión nacional, senón tamén un modelo de acción sindical alternativo ao asumido polas organizacións institucionalizadas. Esta alternativa tradúcese nunha maior conflitividade laboral na Galiza a respecto doutras áreas do Estado español e, como consecuencia, en condicións máis vantaxosas para a clase obreira na venda da súa forza de traballo e no establecemento das súas condicións laborais.

As chaves para comprendermos a peculiaridade de que aínda goza a CIG encóntranse en parte no serodio sometemento do nacionalismo ao novo escenario que posibilitou os Pactos da Moncloa. Ora ben, esta é un arma de duplo fio, xa que explica tanto o

mantemento do sindicalismo galego nuns parámetros diferentes aos do sindicalismo maioritario como a fraxilidade de tal posición. Non é descartábel, todo o contrario, que o autonomismo hoxe maioritario na dirección do sindicato apostase por percorrer unha senda similar á do PCE, que utilizou a domesticación de CC. OO. como aval para ser aceptado, definitivamente, como organización sistémica.

Achamos, por tanto, que non é o sindicalismo o que está en crise. De feito o sindicalismo de influencia tradeunionista goza dunha férrea saúde. É o sindicalismo revolucionario, o caracterizado despectivamente como «político», o que se atopa gravemente ameazado e minorizado. Na actual fase do capitalismo en que estamos, a presión incorporante alcanzou un grao de eficacia até o momento nunca visto, tanto, que ameaza con eliminar calquera rastro das experiencias sindicais combativas, que son cooptadas ou minorizadas unha tras outra.

A tarefa prioritaria do sindicalismo, se ten vontade de superar a crise de representatividade en que se atopa, é rachar a lóxica da institucionalización. Sen dúbida existen bases obxectivas que premen na imposición deste fenómeno e que operan tanto sobre as forzas sindicais que xa asumiron a súa lóxica como sobre as que aínda non o fixeron completamente. A desvantaxe de traballadoras e traballadores nun escenario de centralización capitalista é manifesta e unha parte da esquerda, ante tamaña desigualdade, recorreu á protección dun Estado sometido aos designios do mercado. Mais se as forzas sindicais teñen vontade de permanencia deben rachar o modelo de concertación social dominante.

Na actual crise estrutural que atravesamos, o capitalismo aposta por derrotar e disciplinar a forza de traballo, e os sindicatos, como a máis perfeccionada expresión da forza defensiva da clase obreira, son o albo principal da súa ofensiva. É por isto que son máis necesarias do que nunca forzas clasistas co horizonte colocado na superación do capitalismo.